

Eduardo Blanco-Amor. Para la lírica del mismo período propone justamente a los más relevantes: Luis Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Uxío Novoneyra, Manuel María y el poeta más representativo de su generación, Celso Emilio Ferreiro. El teatro de posguerra está escasamente representado. No obstante, incluye a dos de las más eminentes figuras de la cultura gallega en toda su historia, ya presentes en otras categorías: Alfonso R. Castelao y Álvaro Cunqueiro. En esta sección de la posguerra, Dunne no sigue el mismo patrón utilizado en la categoría anterior, ya que los años cuarenta conocen la aparición de un nuevo género en la literatura gallega: el ensayo. Alfonso R. Castelao (p. 250), Ramón Piñeiro (p. 258), Celestino Fernández de la Vega (p. 266) y María Xosé Queizán (p. 274) son los únicos presentes, ilustrando de este modo, la escasa importancia que tenía la ensayística como género literario en Galicia.

Como vemos, el criterio de selección de las categorías según las que se han escogido los textos es el cronológico; el autor opta, también, por una estructura cronológica para las diferentes subcategorías, es decir, los géneros literarios, en el marco de los grandes movimientos y/o períodos históricos.

Sobre el objetivo que ha pretendido alcanzar con este empeño nos habla el propio editor y explica que “Agarda que este libro sirva de carta de presentación, xesto de benvinda a todos, dentro e fóra do país, con interese na cultura galega”². Este objetivo se refleja en la voz del autor/editor un profundo idealismo desde el que parte, y así lo pone de manifiesto en las primeras líneas del prólogo (pp. 6-18). Es obvio que el autor de esta antología es un verdadero amante de la poesía en general y, en particular, de la poesía gallega. En efecto, su intención primordial es “rescatalas [las grandes obras] da escuridade, presentalas e revitalizalas”. Comienza su labor con unos criterios bien establecidos (según confiesa el editor mismo en la obra que continúa a la presente) y nos ofrece una perspectiva más amplia, que no va dirigida solo a los especialistas, exegetas

del *ethos* gallego a través de las obras literarias. Tampoco tiene la intención de participar en la formulación de un canon literario; la única meta es crear una plataforma informativa sobre la literatura gallega para todos los que deseen familiarizarse con las grandes producciones literarias de este espacio tan especial, Galicia.

Sebastian STRATAN

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín (2012): *O rastro que deixamos*. Vigo: Xerais, 239 pp.

O rastro que deixamos é una compilación de escritos de distinta índole (discursos, artigos, contos, relatorios, etc.) que, ó longo do tempo, foi publicando ou pronunciando Agustín Fernández Paz en diversos medios e contextos (aínda que tamén se inclúen algúns textos inéditos). A meirande parte deles pertence ó xénero do ensaio; trátase de reflexións persoais tanto sobre as propias vivencias do autor coma sobre temas heteroxéneos que, malia teren sido escritos moitos deles hai xa uns anos, conservan plena vixencia na nosa sociedade actual. Aínda que en menor medida, está tamén presente neste volume a ficción, a literatura, en contos coma “Reflexións sobre a precariedade laboral” ou “A mirada de Clara”.

Na súa estrutura, distínguense dúas partes principais: “As paisaxes da memoria” e “O oficio de escribir”. Cada unha delas reúne textos que responden a un denominador común, suxerido polo título: no primeiro caso, é o propio pasado de Fernández Paz; no segundo, é a escritura. Se ben é certo que no primeiro bloque abundan as anécdotas persoais que o escritor é capaz de rescatar a través do tempo e da memoria e que no segundo é o acto de escribir o tema central, ambos aspectos entrelázanse de tal forma que é case imposible separalos: a escrita nítrese a miúdo da experiencia, que está marcada, á súa vez, por esta labor tan significativa, cuxas raíces remóntanse ós primeiros anos do autor.

“As paisaxes da memoria” recolle, cun marcado ton de nostalxia, os recordos de toda unha vida, especialmente aqueles que pertencen á

² Carta escrita por el autor el 21/5/2010. Fuente electrónica: <http://xerais.blogaliza.org/files/2010/06/Carta-Antolox%C3%A0Da-Jonathan-Dunne.pdf> (última consulta 1/4/2010).

infancia, período ben significativo para o autor. Este tempo, etapa de formación, de coñecemento do entorno e do mundo, é, segundo nos confesa, a base da súa escrita. Moitos dos temas e lembranzas que aparecen nesta primeira parte reflíctense nas obras literarias: a escola e os seus mestres, a posguerra e todo o que supuxo (control ideolóxico, censura, forte influencia da igrexa, asasinatos, represión, pobreza, pechazón intelectual, etc.), os xogos infantís, os primeiros amores inxenuos, a paixón pola lectura, o entroido e as orellas, a primeira vez que viu o mar e, de maneira especial, Vilalba, a súa vila natal, o lugar onde medrou rodeado da súa familia e onde, grazas ós libros que lle deixaba o seu pai, ás bandas deseñadas e ó cine, foi, desde ben novo, desenvolvendo a súa actividade como escritor.

Os anos posteriores, coa Universidade Laboral de Xixón, o servizo militar, a carreira de Maxisterio en Barcelona e seus comezos na docencia, entre outros feitos sinalables, foron conformando o Agustín Fernández Paz no que pensamos hoxe: esforzado mestre e incansable narrador. É este Agustín o que agora, décadas despois, reflexiona sobre os cambios tan bruscos que lle tocou vivir á súa xeración e sobre a realidade da Galiza dos anos 50, unha realidade que xa non existe. Só a través da memoria de quen a viviu, como o noso escritor, a través do *rastros que deixou*, como os capítulos que conforman esta obra, é posible achegarnos a ela.

Pola súa banda, o segundo bloque de artigos trata sobre distintos aspectos que envolven a tarefa de escribir: a materia na que se basea, que, como xa dixemos, é fundamentalmente a propia vida; os temas que formula; o público ao que se dirixe, que é, a miúdo, a xuventude; as súas posibilidades de alcance, que dan lugar a unha reflexión acerca da universalidade da literatura; o lugar no que se fai e a lingua que se emprega. Sobre esta última cuestión, é dicir, a escritura en galego e desde Galiza, o narrador de Vilalba adopta unha postura firme, de clara defensa do seu idioma materno. A lingua galega, lingua minorizada, ameazada e desprestixiada, e aqueles que a cultivan nas súas obras non merecen ser alcumados de periféricos:

Os atrancos nunca están nos textos, a creación é o ámbito de liberdade máis plena. Onde os

atopamos é nas cuestións políticas, nas relacións económicas e de poder. Escribirmos nunha lingua minorizada, pertercermos a una cultura socialmente estigmatizada, leva aparelados serios problemas de visibilidade, tanto na sociedade – penso agora nos nosos libros, confinados coma nunha reserva india en boa parte das librarías, ou no tratamento subordinado que reciben nos medios de comunicación, ou na insistente mentira de que somos unha literatura subvencionada– como no feito de sermos traducidos a outras linguas e chegar así aos potenciais lectores doutros países do mundo. En Galicia existe unha fervenza de creatividade que non pode fluír con plenitude, pois unha boa parte das elites financeiras, empresariais, mediáticas e políticas desconfían e negan esa creatividade se se manifesta na lingua de noso, unha lingua que parecen ver como un andazo que cómpre extirpar de raíz (...). (pp. 127-128).

Ademáis, Fernández Paz avoga por dar a coñecer a cultura galega na propia terra e no resto do mundo, para facerse valer ou, mellor dito, para conseguir ser aceptada. Xunto coa cultura e a lingua propias, cómpre coñecer o noso pasado para saber quen somos. O escritor amosa a súa sorpresa e a súa incredulidade acerca do desinformada que está a xuventude actual sobre determinados feitos esenciais da nosa historia, como a Guerra Civil Española, que garda aínda moitos misterios que, na súa opinión, habería que desentrañar.

Ademais de ás súas propias creacións, o autor vilalbés, tanto na primeira parte coma na segunda, dedica especial importancia a todas as figuras e a todos os textos claves na súa formación. Algúns deles son citados de forma directa nos seus artigos, co propósito de reforzar os seus argumentos: desde Juan Ramón Jiménez ata Galileo, pasando por Vázquez Montalbán, Kavafis, Leonardo Sciascia, Mónica Zgustova, Xesús Manuel Valcárcel, José Ángel Valente, Wislawa Szymborska ou Pessoa, entre outros.

Para pechar o volume engádese, ademais, un texto do autor, “O tempo é coma o mar”, e un epílogo de Isabel Soto. Ambos os dous escritos volven, a modo de resumo, sobre as liñas fundamentais establecidas no volume, reiterando, unha vez máis, que para o noso escritor ficción e realidade, vida e literatura, son inseparables.

Alba DIZ VILLANUEVA